

## **CIRCULAR 50-2023** **VIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PÉNTATLON DE LANZAMENTOS MÁSTER**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza o VIII Campionato de Galicia de Péntatlon de Lanzamentos Máster o 22 de abril, nas pistas de atletismo do Estadio de Balaídos en Vigo.

**Art.2).**- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.

- Dada a limitación de prazas dispoñibles, limitarase o número de atletas en función das inscricións.
- Será obrigatorio ter marca acreditada en, polo menos, tres das cinco probas dende o 1 de xaneiro de 2022.

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do luns 17 de abril do 2023.

A maiores, no caso de atletas sen marca no Péntatlon de Lanzamentos, deberá remitirse a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) e dentro do prazo de inscrición, a relación de marcas realizadas de xeito individual nas probas que o compoñen, indicando data e lugar da súa consecución.


**Art.4).**- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.5).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.6).**- Horario provisional.

CÁMARA DE CHAMADAS		HORARIO PROVISIONAL	
Apertura	Saída a Pista	Hora	Proba
9:25	9:30	10:00	Martelo
-	-	11:25	Peso
-	-	12:40	Disco
15:55	16:00	16:30	Xavelina
-	-	17:50	Martelo Pesado

\*A entrega de artefactos persoais para homologar farase ata 50 minutos antes do comezo da competición.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.7).**- Os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.8).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

**Art.9).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 1 de abril de 2023

Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo